

BORRADOR

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

PAX 1

ANEXO VI

Corpo de profesores de ensinanza secundaria

Especialidades das materias comúns

O exercicio práctico ao que fai referencia a base 13.3.1 desta orde de convocatoria axustarase ao seguinte:

Os tribunais proporán dúas opcións de proba práctica, das cales a persoa aspirante escollerá unha, que a súa vez poderá constar de varias partes, agás na proba de identificación (macroscópica ou microscópica), interpretación e análise de representacións de individuos ou procesos naturais, biolóxicos ou xeolóxicos (coñecida como exercicio de "visu") da especialidade de Bioloxía e Xeoloxía.

O tribunal dará a coñecer ás persoas opositoras, de ser o caso, os medios técnicos e a documentación de apoio necesaria para o seu desenvolvemento.

O tribunal valorará, ademais do resultado correcto, se as persoas opositoras posúen as capacidades de tipo instrumental necesarias, e terá en conta o procedemento seguido ou descrito por estas persoas para a realización das probas prácticas.

- Filosofía.

O exercicio práctico constará de tres partes:

- Comentario dun texto filosófico.
- Comentario e análise de cuestións de carácter ético e/ou sociolóxico.
- Comentario e análise de cuestións de carácter lóxico e/ou epistemolóxico.

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de tres (3) horas.

BORRADOR

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

PAX 2

- Grego.

Consistirá na realización dos seguintes exercicios:

1. Un texto en prosa ou en verso para traducilo sen dicionario.
2. Un texto en prosa para a súa tradución con dicionario e comentario sintáctico-estilístico, sociocultural ou histórico, segundo as características do autor.

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder as tres (3) horas.

- Lingua castelá e literatura.

Consistirá na realización de todos ou dalgún dos seguintes exercicios:

1. Un comentario filolóxico dun texto anterior ao século XVIII.
2. Un comentario literario dun texto dun autor do Século de Ouro.
3. Un comentario lingüístico dun texto dun autor dos séculos XIX ou XX.

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de tres (3) horas.

- Xeografía e historia.

Consistirá na realización de todos ou dalgún dos seguintes exercicios:

1. Confección e interpretación de mapas históricos e xeográficos
2. Comentario de textos históricos
3. Elaboración e comentario de gráficos e diagramas
4. Comentario de obras de arte

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de tres (3) horas.

BORRADOR

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

PAX 3

- Matemáticas.

Consistirá na resolución de:

- Cuestións e/ou problemas propostos polo tribunal relacionados co temario ou co currículo que se vai impartir nas etapas de ensino secundario obrigatorio e bacharelato.

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de tres (3) horas.

- Física e química.

Consistirá na resolución de:

- Cuestións e/ou problemas propostos polo tribunal relacionados co temario ou co currículo que se vai impartir nas etapas de ensino secundario obrigatorio e bacharelato.

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de tres (3) horas.

- Bioloxía e xeoloxía.

Consistirá na realización de todos ou dalgún dos seguintes exercicios:

1. Identificación (macroscópica ou microscópica), interpretación e análise de representacións de individuos ou procesos naturais, biolóxicos ou xeolóxicos.
2. Resolución de problemas ou cuestións de xenética, bioquímica e ecoloxía
3. Interpretación de mapas e cortes xeolóxicos
4. Exposición de elementos (aspectos materiais, temporais, desenvolvemento, seguridade) que configuran a realización dunha práctica de laboratorio.

BORRADOR

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

PAX 4

- Inglés.

Consistirá na realización de:

1. Exercicio consistente en respostas a preguntas formuladas sobre o uso funcional da lingua e a cuestións acordes cos procedementos da área sobre aspectos lingüísticos, literarios ou socioculturais, a partir dun texto en prosa en lingua inglesa (novela, ensaio ou artigo periodístico).
2. Exercicio de redacción sobre un tema de actualidade.

O tempo para a realización desta proba será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de tres (3) horas.

- Portugués.

Consistirá na realización de:

1. Exercicio consistente en respostas a preguntas formuladas sobre o uso funcional da lingua e a cuestións acordes cos procedementos da área sobre aspectos lingüísticos, literarios e socioculturais, a partir dun texto en prosa en lingua portuguesa (novela, ensaio ou artigo xornalístico).
2. Exercicio de redacción sobre un tema de actualidade.

O tempo para a realización desta proba será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder as tres (3) horas.

- Educación física.

Consistirá na resolución por escrito dun ou varios supostos prácticos elaborados polo tribunal, que versarán sobre os temas do temario e/ou dos bloques de contidos da educación física na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato.

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder

BORRADOR

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

PAX 5

de tres (3) horas.

- Orientación educativa.

Consistirá na resolución de supostos prácticos relacionados con contidos do temario e que deberán versar sobre algunha ou varias das seguintes materias:

1. Orientación profesional
2. Avaliación psicopedagóxica e ditame de escolarización
3. Atención á diversidade
4. Apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe
5. Apoio ao plan de acción tutorial

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de dúas (2) horas.

- Tecnoloxía.

Consistirá na resolución de:

Cuestións e/ou problemas propostos polo tribunal relacionados co temario ou currículo que se vai impartir nas etapas de ensino secundario obrigatorio e bacharelato.

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de tres (3) horas.

- Lingua e literatura galega.

Consistirá na realización de todos ou dalgún dos seguintes exercicios:

1. Comentario filolóxico dun texto da Idade Media
2. Comentario lingüístico dun texto dos séculos XIX, XX e XXI

BORRADOR

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

PAX 6

3. Comentario literario dun texto dos séculos XIX, XX e XXI

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de tres (3) horas.

- Economía.

A proba consistirá na resposta a cuestións que o Tribunal planteie sobre problemas ou situacións relevantes e actuais de economía xeral e da empresa. Ditas cuestións versarán sobre a aplicación de contidos e métodos que permitan analizar, comentar, comprender e explicar os problemas ou as situacións planteadas, así como propoñer solucións razoadas aos mesmos.

Poderase utilizar calculadora a criterio do Tribunal.

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de tres (3) horas.

Especialidades de formación profesional

En todas as probas prácticas correspondentes ás especialidades deste corpo:

O exercicio práctico ao que fai referencia a base 13.3.1 desta orde de convocatoria axustarase ao seguinte:

Os tribunais proporán dúas opcións de proba práctica, das cales a persoa aspirante escollerá unha, que a súa vez poderá constar de varias partes.

Os tribunais darán a coñecer ás persoas opositoras, de ser o caso, os medios técnicos e a documentación de apoio necesaria para o seu desenvolvemento.

Os tribunais valorarán, ademais do resultado final, se as persoas opositoras posúen as capacidades de tipo instrumental necesarias, e terán en conta o procedemento seguido ou descrito para a realización das probas prácticas.

A duración máxima das probas será de tres (3) horas

BORRADOR

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

PAX 7

- Administración de empresas.

Cada unha das opcións da proba consiste na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

1. Proceso contable das operacións económicas e financeiras, confección de libros e rexistros de contabilidade, e elaboración das Contas Anuais, aplicando o Plan Xeral Contable. Tratamento informático do proceso contable.

2. Cálculo de custos e punto morto.

3. Análise económica e financeira.

4. Formalización das obrigacións fiscais.

5. Previsións de tesourería, control de plans orzamentarios, e xestión e control de tesourería.

6. Cálculo de operacións financeiras, e xestión de pagos e cobranzas.

7. Selección de investimentos.

8. Medios de financiamento con clientes, provedores e institucións financeiras.

9. Análise e contratación de servizos e/ou produtos financeiros e/ou de seguros, e formalización de documentación.

10. Análise económica e financeira de valores mobiliarios.

11. Selección de persoal, formalización e rexistro de documentos de contratación, cuantificación de retribucións e de cotizacións na Seguridade Social, xestión da documentación de persoal nos organismos públicos, e planificación de actividades de formación.

12. Análise e xestión dun servizo de auditoría.

13. Tramitación de asuntos, expedientes ou reclamacións, na Administración pública e formalización de documentación.

BORRADOR

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

PAX 8

14. Xestión das comunicacións internas e externas, tanto orais como escritas, da empresa.

15. Atención ao público e protocolo.

16. Organización de entrevistas, reunións, acontecementos corporativos, viaxes nacionais e internacionais. Cálculo de custos de actos e reunións, e control do tempo.

17. Elaboración e/ou valoración dun proxecto empresarial.

- Construcións civís e edificación

Cada unha das opcións da proba consiste na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

1. Operacións topográficas. Planificación de traballos de campo. Estacionamento e orientación de aparellos. Reconsideración de puntos e aliñacións. Cálculo de itinerarios.

2. Urbanismo. Elaboración de propostas de reparcelamento. Cálculo de aproveitamentos resultantes.

3. Servizos de subministración urbanos e de rede de sumidoiros. Definición en planta de redes básicas. Indicación e situación de elementos. Determinación de demandas. Definición de perfís.

4. Proxectos viarios. Definición de aliñacións e perfís. Representación de seccións tipos.

5. Determinación de volumes de movemento de terras. Representación de detalles construtivos de elementos. Planificación do desenvolvemento de proxectos.

6. Construción de edificios. Definición de solucións construtivas. Identificación dos materiais. Representación de seccións construtivas de conxunto.

7. Estruturas. Elaboración de estados de cargas. Determinación de accións, esforzos e tensións. Dimensionado de elementos estruturais.

8. Instalacións de edificios. Definición en planta e sección. Concreción de esquemas de trazado, localización e elementos. Determinación de necesidades

9. Estudos de seguridade. Compleción de estudos de seguridade. Elaboración de plans de

BORRADOR

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

PAX 9

seguridade.

10. Medicións e orzamentos. Compleción de estados de medicións. Definición das unidades, os redactados e os detalles. Realización de planillas de medicións detalladas.

11. Determinación de escandallos. Definición da man de obra, os materiais e os medios auxiliares. Axustes dos orzamentos.

12. Organización, planificación e control de obra. Axustes de planificación. Elaboración de diagramas. Determinación dos recursos humanos, materiais e de maquinaria.

13. Organización de ámbitos de traballo. Concreción das localizacións das zonas e os elementos.

- Formación e orientación laboral.

Cada unha das opcións da proba consiste na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

1. Proceso de orientación laboral e procura de emprego, fontes e técnicas de procura de traballo e análise de información.
2. Mercado de traballo, competencias profesionais e itinerarios profesionais e formativos.
3. Habilidades de traballo en equipo e negociación de conflitos.
4. Aplicación de dereitos e deberes laborais básicos e normativa relacionada.
5. Interpretación dos diferentes tipos de contratación e as súas características.
6. Análise das modificacións dos contratos de traballo e as súas consecuencias.
7. Análise e coñecemento de diferentes entidades xestoras da Seguridade Social, servizos e prestacións.
8. Xestión de conflitos colectivos e conflitos individuais nas relacións laborais.
9. Innovación empresarial. Actitudes e habilidades emprendedoras e valoración dun proxecto empresarial.

BORRADOR

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

PAX 10

10. Previsións de tesourería e orzamentos. Interpretación de contas anuais.
 11. Análise e características de diferentes formas xurídicas dunha empresa.
 12. Análise da contorna laboral, os factores de risco e a súa relación coa saúde.
 13. Identificación de riscos, avaliación, danos derivados e medidas de prevención e protección aplicables.
 14. Dereitos e deberes, participación dos traballadores e organismos relacionados coa actividade preventiva.
 15. Medidas e plan de autoprotección e plan de actuación. Primeiros auxilios.
- Hostalaría e turismo.

Cada unha das opcións da proba consiste na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso, relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

1. Determinar os custos de produción dun produto ou servizo de hostalaría e turismo.
2. Trazar o plan de márketing dun produto ou servizo de hostalaría e turismo.
3. Realizar orzamentos e analizar as desviacións producidas.
4. Definir e organizar os recursos humanos necesarios para un departamento de calquera empresa e/ou servizo do sector de hostalaría e turismo.
5. Confeccionar dietas nutricionais para as diferentes etapas da vida.
6. Determinar o resultado de explotación dunha empresa, indicando consumos e custos de vendas.
7. A partir dunha realidade definida, organizar un congreso, feira, exposición ou evento.
8. Realizar un suposto práctico sobre a creación dun paquete turístico.
9. Realizar análise financeira e da rendibilidade do patrimonio empresarial.
10. A partir dunha oferta gastronómica dada, realizar unha análise dela aplicando prezo de custo e venda, con base nos resultados que deben obterse.

BORRADOR

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

PAX 11

11. Levar a cabo a administración e xestión dunha empresa de aloxamento, restauración, intermediación turística e animación turística nun suposto dado.
12. Determinar os resultados da explotación das diferentes empresas do sector da hostalaría e turismo.
13. Propoñer un plan de sinalización para unha cidade, museo, ruta temática, espazo natural protexido, etc.
14. Realizar un inventario de recursos turísticos dunha zona preestablecida utilizando unha clasificación predeterminada.
15. Crear ou redefinir un produto turístico a partir dun suposto práctico.

- Informática.

Cada unha das opcións da proba consiste na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

- Algoritmia e linguaxes.

1. Programación estruturada.
2. Programación orientada a obxectos.
3. Programación na internet.

- Base de datos.

1. Sistema de xestión de bases de datos relacionais modelo E/R. Normalización.
2. Linguaxes de definición e manipulación de datos. Linguaxe SQL.
3. Sistemas de bases de datos distribuídas. Administración de sistemas de bases de datos.
4. Seguridade nos datos.

- Enxeñaría de software.

1. Análise de funcións DFD.

BORRADOR

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

PAX 12

2. Análise de datos modelos E/R.

- Redes e comunicación.

1. Conectividade entre ordenadores. Protocolos de comunicación TCP/IP.

2. Redes de área local.

3. Servizos en rede

4. Seguridade en rede

- Organización e xestión comercial.

Cada unha das opcións da proba consiste na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

1. Empresa e empresario/a. Viabilidade e posta en marcha da empresa.

2. Contabilidade e fiscalidade das empresas de servizos comerciais e do transporte.

3. Análise económica e financeira do patrimonio e dos resultados da empresa.

4. Xestión dos recursos humanos da empresa.

5. Técnicas de venda dos produtos e/ou os servizos á clientela.

6. Realización das operacións de venda e de atención á clientela.

7. Selección e negociación de provedores, e xestión de compras.

8. Negociación da venda, control, e formación e perfeccionamento do equipo de vendas.

9. Obtención, proceso e organización da información na investigación comercial.

10. Tratamento informático da información obtida e análise estatística.

11. Establecemento de políticas de márketing e control da acción publicitaria.

12. Márketing dixital, xestión de webs e sistemas de comunicación dixitais.

BORRADOR

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

PAX 13

13. Relacións públicas e organización de eventos.
14. Técnicas de comunicación publicitaria. Medios e soportes de comunicación.
15. Administración e xestión dun pequeno establecemento comercial.
16. Planificación dunha investigación comercial, selección da canle de distribución e promoción do produto en operacións de comercio internacional.
17. Negociación de operacións de compravenda de mercadorías a nivel internacional.
18. Xestión administrativa nas operacións de importación e exportación, e de introdución e expedición de mercadorías, e formalización da documentación correspondente.
19. Selección do medio de financiamento e dos medios de pagamento máis adecuados para transaccións internacionais. Formalización e xestión da documentación.
20. Financiamento e medios de pagamento no comercio internacional. Formalización e xestión da documentación.
21. Determinación de riscos financeiros das operacións internacionais e a súa cobertura.
22. Organización do servizo de tráfico dunha empresa de transporte terrestre, e control das mercadorías e dos vehículos.
23. Planificación do servizo de liñas regulares e transporte discrecional no servizo de transporte terrestre.
24. Organización e comercialización dos servizos de transporte de mercadorías e de viaxeiros/as.
25. Control de establecementos, industrias, actividades, produtos e servizos dentro do ámbito do consumo. Inspeccións de consumo.
26. Plans de atención ás persoas consumidoras e usuarias de bens e servizos: defensa das persoas consumidoras; servizo de atención a persoas consumidoras e a clientes/as.
27. Organización e xestións de plans formativos e campañas de información en materia de consumo.

BORRADOR

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

PAX 14

- Organización e proxectos de fabricación mecánica.

Cada unha das opcións da proba consiste na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso, relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

1. Procesos de fabricación, montaxe e reparación de elementos de fabricación mecánica.
 2. Procesos de mantemento de primeiro nivel de maquinaria e equipamentos
 3. Procesos de xestión e control de calidade do proceso de fabricación e do produto acabado.
 4. Procesos de tratamentos térmicos e superficiais en produtos de fabricación mecánica.
 5. Elaboración da documentación técnica e parámetros de fabricación dun produto de fabricación mecánica.
 6. Desenvolver o proxecto dun produto de fabricación mecánica.
 7. Programación de máquinas de CNC, automatismos eléctricos, pneumáticos e hidráulicos e de procesos de produción de elementos de fabricación mecánica.
 8. Seguridade nas industrias de fabricación mecánica
- Procesos na industria alimentaria.

Cada unha das opcións da proba consiste na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso, relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

1. Determinación de acidez volátil en bebidas fermentadas (viño, cervexas, sidra).
2. Análise de anhídrido sulfuroso en mostos e viños.
3. Determinación de polifenois totais en viños.
4. Determinación de microorganismos aerobios mesófilos en produtos lácteos.
5. Determinación de materia graxa en lácteos.

BORRADOR

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

PAX 15

– Procesos diagnósticos clínicos e produtos ortoprotésicos.

Cada unha das opcións da proba consiste na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso, relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

1. Planificación das fases da intervención, establecendo un cronograma de traballo e os indicadores de avaliación do funcionamento do equipo.
2. Realización de diagramas dos servizos e/ou das unidades hospitalarias, describindo a súas relacións e as súas dependencias, tanto internas como xerais ou do contorno.
3. Realización de descricións macroscópicas, identificacións, etc., sobre modelos anatómicos que representan sistemas, aparellos ou órganos.
4. Identificación de estruturas anatómicas en estudos reais radiolóxicos, ecográficos, tomográficos e de resonancia magnética nuclear.
5. Descrición da metodoloxía de xestión de residuos radioactivos para un suposto concreto (vial con isótopos radioactivos, papel contaminado, etc.).
6. Descrición de medidas de protección radiolóxica para o persoal sanitario e para os/as pacientes na realización de exploracións radiolóxicas.
7. Descrición e identificación do material necesario para a obtención e a recolla de diferentes tipos de mostras biolóxicas humanas, así como do método que cumpra utilizar en cada caso.
8. Realización de operacións básicas de laboratorio: medidas de masa e volume, disgregación e separación, preparación de solucións e disolucións, etc.
9. Determinación de parámetros fisicoquímicos dunha mostra: temperatura, pH, densidade, etc.
10. Realización de determinacións analíticas en diferentes mostras (biolóxicas, aire, etc.), utilizando os aparellos e os reactivos apropiados a cada técnica, obtendo analitos cuantificados.
11. Identificación de moléculas utilizando técnicas de separación (cromatografía, electroforese, etc.)
12. Realización de análises microscópicas de mostras urinarias.

– Procesos sanitarios.

Cada unha das opcións da proba consiste na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso, relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

BORRADOR

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

PAX 16

1. Planificación das fases de acordo coas persoas destinatarias.
 2. Establecemento do cronograma de traballo e de indicadores de avaliación do funcionamento do equipo.
 3. Descrición macroscópica dunha mostra anatomopatolóxica.
 4. Lectura e descrición microscópica dunha mostra anatomopatolóxica, identificando a técnica básica de tinguidura e as características celulares máis sobresaíntes.
 5. Valoración do estado nutricional dun paciente a partir duns datos presentados, recollidos durante a súa exploración.
 6. Planificación xeral dunha pauta do tratamento dietético para un caso proposto cunha patoloxía dada.
 7. Codificación dun documento-tipo (historia clínica, etc.) baseándose nunha norma concreta.
- Procesos e medios de comunicación.

Cada unha das opcións da proba consiste na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

1. Resolucións de problemas en que se formulen cuestións sobre identificación, determinación e análise de equipos, procesos, materiais e produtos relacionados co currículo vixente.
 2. Desenvolvemento dun exercicio práctico, relacionado coas cuestións específicas que constitúen o currículo vixente, que comprenda un proceso completo que inclúa a preparación, calibración e posta en funcionamento de equipos e procesos.
 3. Desenvolvemento dun proxecto audiovisual como resposta a un suposto presentado polo tribunal. O tribunal avaliará non só o produto final, senón a secuencia do procedemento que seguiu o persoal opositor ata alcanzar o dito resultado final, comprobando que aquela sexa axustada a procedementos profesionais.
- Sistemas electrónicos.

Cada unha das opcións da proba consiste na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

1. Análise, funcional e eléctrica, de circuítos e aplicacións electrónicas de carácter xeral.

BORRADOR

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

PAX 17

2. Diagnóstico e localización de avarías en circuítos e aplicacións electrónicas de carácter xeral ou en sistemas informáticos e telemáticos.

3. Deseño e montaxe de maquetas de circuítos electrónicos, utilizando as ferramentas informáticas precisas.

4. Elaboración de programas para o control de dispositivos microprogramables en linguaxes de baixo e alto nivel e de programas informáticos de aplicación xeral.

5. Realización de posta a punto dunha rede local de ordenadores, e a configuración física desta, de acordo co tipo de aplicacións que se vaian implantar

- Sistemas electrotécnicos e automáticos.

Cada unha das opcións da proba consiste na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

1. Proxecto de liña aérea de alta tensión.
2. Proxecto de liña aérea de baixa tensión.
3. Proxecto de instalación eléctrica de edificio de vivendas.
4. Proxecto de alumeadado público.
5. Práctica de deseño de esquemas e cadro eléctrico.
6. Exercicios e problemas de cálculo de seccións de condutores.
7. Exercicios e problemas de instalación de enlace.

Os proxectos levarán a seguinte documentación:

- Memoria descritiva.
- Memoria de cálculo. Eléctricos e mecánicos.
- Disposicións mínimas de seguridade e saúde.
- Prego de condicións.

BORRADOR

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

PAX 18

- Presuposto.

- Planos.

- Instalacións electrotécnicas.

Cada unha das dúas opcións de proba consistirá na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso, relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

1. Configuración e cálculo de instalacións electrotécnicas, documentado do proceso.

2. Construción, a partir dos planos do proxecto, de instalacións electrotécnicas.

3. Diagnóstico e localización de avarías en instalacións electrotécnicas e en sistemas de regulación de motores de corrente continua e corrente alterna, identificación dos síntomas, explicación das posibles causas, realización dun plan de intervención para a reparación e posta en marcha da instalación.

4. Mantemento de máquinas rotativas e construción de máquinas estáticas.

5. Programación de autómatas programables.

6. Instalación de contornos microinformáticos cos seus periféricos básicos.

7. Operación do sistema operativo e programas dun equipamento informático.

8. Análise e/ou desenvolvemento de sistemas de control secuencial.

- Oficina de proxectos de construción.

Cada unha das dúas opcións de proba consistirá na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso, relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

1. Operacións topográficas. Planificación de traballos de campo. Estacionamento e orientación de aparellos. Realización de levantamentos. Cálculo de itinerarios.

2. Proxectos viarios. Representación de planos planta, perfís, seccións tipos e detalles construtivos. Planificación do desenvolvemento de proxectos de urbanización.

3. Instalacións urbanas. Compleción de definicións de redes básicas. Representación gráfica de trazados, localizacións e situacións de elementos.

BORRADOR

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

PAX 19

4. Proxectos de edificios. Definición de liñas xerais, alturas, contornos de plantas e localización de accesos e elementos comúns. Elaboración de distribucións interiores. Representación de seccións construtivas. Planificación do desenvolvemento de proxectos de edificación.

5. Representación de proxectos de dimensións reducidas en 3D co soporte dunha estación de CAD.

- Procesos de xestión administrativa.

Cada unha das dúas opcións de proba consistirá na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso, relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

1. Elaboración e formalización de documentación con equipos ofimáticos.
2. Sistemas de arquivos manuais e automatizados.
3. Tratamento informático de datos, mantemento de datos e información, e mantemento operativo dos equipos.
4. Instalación de programas informáticos, organización do sistema informático e dos procedementos de salvaguarda da información. Mantemento operativo dos elementos informáticos e operativos nun sistema de rede.
5. Creación de documentos con medios informáticos: deseño de folla de cálculo e bases de datos: xeración de gráficos e integración entre aplicacións e documentos.
6. Tecnoloxía e comunicacións dixitais: hardware, periféricos, accesorios, conectividade, sincronización e interacción. Xestión de correo electrónico e axenda electrónica.
7. Ferramentas da internet para a empresa. Administración de espazos web, blogues e plataformas corporativas. Xestores de contidos.
8. Producción e formalización de cartas, comunicacións e outra documentación comercial, cuantificación de operacións comerciais, liquidación fiscal.
9. Valoración de ofertas de provedores, produción e formalización de documentos relacionados co proceso de aprovisionamento e almacenaxe, e proceso de control dos procesos administrativos de compra.

BORRADOR

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

PAX 20

10. Operacións administrativas de compra venda e o seu tratamento fiscal.

11. Problemática de control de existencias e a súa valoración.

12. Proceso de negociación da venda, establecemento de condicións de contratación do produto ou servizo, formalización de documentos relacionados co proceso de venda, obtención de información sobre a clientela e proceso de control dos procesos administrativos de venda.

13. Seguimento, atención e asesoramento ao cliente, resolución de incidencias e reclamacións.

14. Formalización de contratos de persoal e outros relacionados coa retribución dos traballadores, cuantificación de retribucións e de cotizacións na Seguridade Social, e xestión da documentación de persoal nos organismos públicos. Control horario e xestión de ausencias.

15. Formalización de documentación de impresos oficiais da Administración pública e de procedementos de rexistro.

– Servizos á comunidade.

Cada unha das dúas opcións de proba consistirá na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso, relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

1. Elaboración dun programa de animación de lecer e tempo libre, partindo dun suposto.
2. Simulación de intervención ante un grupo.
3. Elaboración dun programa para o desenvolvemento e adquisición de hábitos de autonomía persoal nos nenos.
4. Desenvolvemento dun proxecto de intervención educativa utilizando o xogo como recurso.
5. Organización dun recuncho de expresión.
6. Utilización de recursos de expresión e comunicación na intervención con nenos.
7. Identificación de carencias e alteracións en supostos de unidades de convivencia e formulación de proxectos de intervención.

BORRADOR

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

PAX 21

8. Deseño da organización do domicilio ante determinados casos de discapacidade.

9. Desenvolvemento dun proxecto de intervención ocupacional.

- Sistemas e aplicacións informáticas.

Cada unha das dúas opcións de proba consistirá na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso, relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

1. Interpretación de información contida en documentación técnica relativa a equipos e as súas características. Configuración de compoñentes de “hardware”. Elección de compoñentes pola súa compatibilidade.

2. Manexo e interpretación de información contida na documentación de aplicacións e entornos de desenvolvemento.

3. Instalación, configuración, manexo de funcións e xestión de recursos nun sistema operativo monousuario.

4. Instalación, configuración, administración e explotación dun sistema operativo multiusuario.

5. Instalación, configuración, administración e explotación dun sistema de rede de área local.

6. Desenvolvemento, mantemento e verificación de programas de linguaxes con programación estruturada. Xestión de estruturas de datos internas. Ficheiros. Bases de datos relacionais.

7. Deseño e realización de interfaces gráficas de usuario. Ferramentas multimedia. Desenvolvemento, mantemento e verificación de programas nunha linguaxe de programación orientada a contornos gráficos. Ficheiros. Bases de datos relacionais.

- Equipos electrónicos.

Cada unha das dúas opcións de proba consistirá na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso, relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

BORRADOR

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

PAX 22

1. Cálculo e deseño de instalacións de infraestruturas comúns de telecomunicacións, segundo a normativa e regulamentación vixente, a partir de propostas de datos dun proxecto.
2. Configuración de sistemas de produción e emisión de sinais de televisión e de radio, recepción de sinais de televisión e de radio, telefonía e datos así como diagnóstico e localización de avarías en ditos sistemas.
3. Configuración, deseño e programas de sistemas controlados con microcontrolador a partir dos datos dun proxecto.
4. Configuración e mantemento de sistemas de redes inalámbricas locais e de área extensa.
5. Deseño, configuración e mantemento de infraestruturas de telefonía integral, datos e servizos de comunicacións en instalacións do sector secundario e terciario.

Corpo de profesores especialistas en sectores singulares de formación profesional

- Cociña e pastelería.

Cada unha das dúas opcións de proba consistirá na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso, relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

1. Procesos de aprovisionamento, manipulación en cru, preelaboración e conservación de todo tipo de alimentos.
2. Técnicas de preparación, realización e presentación de elaboracións culinarias, de pastelería, repostería e panadería.
3. Técnicas de preparación e presentación de pratos á vista do cliente.
4. Técnicas de preparación e presentación de diferentes tipos de pratos da cociña rexional, nacional e internacional.
5. Realización de cálculos e medidas de diferentes magnitudes relacionadas cos produtos culinarios.
6. Planificación dun servizo de bufete.

BORRADOR

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

PAX 23

7. Identificación, características e valor nutricional dos alimentos.

8. Representación gráfica das zonas da cociña e do obradoiro, equipamentos e circuitos dos xéneros, produtos e residuos.

9. Aplicación dos manuais de boas prácticas.

– Estética.

Cada unha das dúas opcións de proba consistirá na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso, relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

1. Aplicación de técnicas e tratamentos de manicura e pedicura.

2. Realización de escultura de uñas.

3. Aplicación de técnicas de depilación e de hixiene, faciais e corporais.

4. Elaboración de protocolos dos tratamentos que se vaian a realizar, aplicando técnicas de electroestética.

5. Elaboración de protocolos para a técnica de microimplantación de pigmentos e aplicar esta técnica.

6. Aplicación de técnicas de maquillaxe.

7. Deseño da maquillaxe de caracterización de efectos especiais, seleccionando procedementos, técnicas e recursos.

8. Deseño do tipo de prótese que sexa necesario utilizar en función do resultado do proceso de caracterización que haxa que obter. Identificación do tipo de material adecuado e selección das

técnicas máis idóneas para a fabricación das próteses, a partir do deseño do personaxe e do proceso de caracterización.

9. Realización da obtención dos moldes, as técnicas de modelaxe ou escultura, e as técnicas de baleirado, con destreza e seguridade, en función do personaxe que se vaia a realizar.

10. Selección da técnica de masaxe, drenaxe etc., en función do tipo de alteración estrutural ou funcional detectados na circulación sanguínea, da presenza de estados de tensión psicolóxica ou neuromuscular, da tipoloxía das anomalías estéticas e dos criterios do persoal facultativo en

BORRADOR

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

PAX 24

tratamentos estéticos preoperatorios e postoperatorios, e tamén das demandas, as necesidades ou as preferencias da clientela.

11. Aplicación das técnicas de masaxe facial e corporal, drenaxe linfático manual, masaxe circulatoria manual, reflexoloxía podal, aromaterapia, cromoterapia e outros, segundo as demandas, as necesidades ou as preferencias da clientela e en función do protocolo establecido.

- Mantemento de vehículos.

Cada unha das dúas opcións de proba consistirá na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso, relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

1. Selección e interpretación de documentación técnica relacionada coa constitución e funcionamento dos produtos, elementos, conxuntos ou sistemas implicados.
2. Medida e comprobación de parámetros e o seu contraste cos valores determinados polo fabricante, seleccionando os equipamentos e instrumentos máis adecuados.
3. Realización de operacións de desmontaxe e/ou montaxe e mantemento de elementos, sistemas ou conxuntos pertencentes ao vehículo.
4. Posta a punto e axuste de sistemas de vehículo.
5. Interpretación de anomalías de funcionamento e a desviación de parámetros presentada no funcionamento dos sistemas.
6. Detección e reparación de avarías ou desperfectos provocados no vehículo.
7. Realización de taxacións e elaboracións de orzamentos.

- Mecanizado e Mantemento de Máquinas.

Cada unha das dúas opcións de proba consistirá na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso, relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

1. Mecanizado en torno e fresa das partes que compoñan un conxunto a partir dun plano, no cal se especifiquen as características necesarias para a súa fabricación.

BORRADOR

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

PAX 25

2. Realización do programa de control numérico (CNC) a partir dun plano de fabricación dunha peza para mecanizar en torno ou fresa.

3. Realización da montaxe dos distintos elementos necesarios para que se produza unha secuencia de movementos producidos por uns actuadores pneumáticos ou hidráulicos partindo da súa descrición.

– Patronaxe e confección.

Cada unha das dúas opcións de proba consistirá na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso, relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

1. Elaboración dun patrón base para o prototipo dunha prenda de téxtil ou calzado descrita.
2. Debuxo do despece de compoñentes.
3. Descrición do proceso de análise estética-anatómica e funcional do prototipo.
4. Indicación dos sistemas de ensamblaxe máis adecuados para a prenda proposta.

– Peiteado.

Cada unha das dúas opcións de proba consistirá na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso, relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

1. Cambios de forma temporal e permanente no cabelo.
2. Corte e rasurado.
3. Cambios de cor parcial e total.
4. Manicura e pedicura.
5. Peiteado en coidados especiais.
6. Procedementos e técnicas de peiteado.
7. Estilismo en peiteado.

BORRADOR

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

PAX 26

8. Peiteados para producións audiovisuais.

9. Tratamentos capilares.

– Producción de artes gráficas.

Cada unha das dúas opcións de proba consistirá na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso, relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

1. Composición e tratamento do texto, compaxinación, imposición dixital e obtención da forma impresora dun produto gráfico, utilizando o software estándar.

2. Captación e tratamento de imaxes en mapa de bits en función dun determinado procedemento de impresión ou edición, utilizando o software estándar.

3. Realización de imaxes vectoriais, utilizando o software estándar.

4. Realización dun produto gráfico para a reprodución: medios e procedementos electrónicos.

5. Preparación, axuste, tirada en máquina offset e control densitométrico e colorimétrico dun produto gráfico.

6. Obtención de pantallas, axuste, rexistro de cor e impresión en serigrafía.

7. Realización de procesos de postimpresión.

– Servizos de restauración.

Cada unha das dúas opcións de proba consistirá na realización de simulacións e/ou resolución de exercicios e supostos, en calquera caso, relacionados cun ou varios dos ámbitos seguintes:

1. Planificación dos recursos humanos e materiais necesarios para un determinado servizo.

2. Montaxe de diferentes servizos; presentación dun prato de distribución e xustificación.

3. Realización de operacións de servizos en diferentes modalidades.

4. Preparación e presentación de bebidas, e realización da ficha técnica de elaboración.

BORRADOR

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

PAX 27

5. Avaliación e descrición, por medio da degustación, das características dunha bebida alcohólica, as súas condicións de conservación e o seu servizo.
6. Elaboración dun prato á vista da clientela.
7. Proposta de menús para casos específicos.

Corpo de mestres

O exercicio práctico á que fai referencia a base 14.3.1 da presente orde de convocatoria versará nas especialidades do corpo de mestres sobre un ou varios dos aspectos seguintes:

- Educación Infantil.

1. Etapas máis significativas no desenvolvemento do neno de 0 a 6 anos.
2. Correntes pedagóxicas e psicolóxicas e influencia na educación infantil.
3. Conceptos básicos que debe dominar o neno, previos á lecto-escritura.
4. Metodoloxía sobre a prelectura e a preescritura.
5. Resolución ou fundamentación teórica dun caso práctico proposto polo tribunal.

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de dúas (2) horas.

- Lingua estranxeira: Inglés.

Versará sobre a lectura comprensiva dun texto neste idioma con preguntas e respostas por escrito referidas ao texto.

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de dúas (2) horas.

- Lingua estranxeira: Francés.

BORRADOR

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

PAX 28

Versará sobre a lectura comprensiva dun texto neste idioma con preguntas e respostas por escrito referidas ao texto.

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de dúas (2) horas.

- Educación física.

Resolución dun ou varios supostos prácticos elaborados polo tribunal. Estes supostos versarán sobre o temario e/ou sobre os bloques dos contidos da educación física na educación primaria.

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de dúas (2) horas.

- Música.

Constará de dúas partes:

a) Escrita, que deberá incluír:

1. Composición dunha peza vocal e instrumental para utilizar na aula, sobre un texto dado polo tribunal.
2. Composición libre dunha peza musical, xustificando a súa adaptación ao estado madurativo do alumnado.
3. Análise dun fragmento musical de tipo folclórico.

b) De interpretación:

1. Lectura dun fragmento musical seleccionado polo tribunal.
2. Interpretación, coa voz ou cun instrumento achegado polo persoal opositor, dun fragmento musical sobre unha partitura seleccionada polo tribunal.

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de dúas (2) horas.

BORRADOR

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

PAX 29

- Pedagogía terapéutica.

1. Organización da atención á diversidade nun centro ordinario que escolariza alumnado con necesidades educativas especiais.
2. Características fundamentais do proxecto educativo dun centro específico de educación especial.
3. Criterios básicos para a elaboración de adaptacións curriculares e ampliación e desenvolvemento das mesmas.
4. Competencias do profesorado de apoio (alumnado NEAE, aula, centro e familias).
5. Resolución ou fundamentación teórica dun caso práctico proposto polo tribunal.

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de dúas (2) horas.

- Audición e linguaxe.

1. Organización da atención á diversidade nun centro ordinario que escolariza alumnado con necesidades educativas especiais.
2. Características fundamentais do proxecto educativo dun centro específico de educación especial.
3. Criterios básicos para a elaboración de adaptacións curriculares e ampliación e desenvolvemento destas.
4. Competencias do profesorado de apoio (alumnado NEAE, aula, centro e familias).
5. Bases anatómicas, fisiolóxicas e neurolóxicas da linguaxe.
6. A estimulación precoz na adquisición e desenvolvemento da linguaxe.
7. Sistemas aumentativos e alternativos de comunicación.
8. Resolución ou fundamentación teórica dun caso práctico proposto polo tribunal

BORRADOR

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

PAX 30

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de dúas (2) horas.

- Educación primaria.

1. Diferentes aspectos das programacións didácticas de educación primaria e a súa aplicación na aula.

2. Titoría, orientación e medidas de atención á diversidade.

3. Incorporación das TIC na programación didáctica da aula para fomentar o desenvolvemento da competencia dixital.

4. Proxecto lector do centro: actuacións para a biblioteca de centro, biblioteca de aula, propostas de animación a lectura, fomento da escritura.

O tempo para a realización do exercicio será o que estableza o tribunal, sen que poida exceder de dúas (2) horas.